

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2020-2021.

DEPARTAMENTO DE INGLÉS .

I.E.S. "LUCUS AUGUSTI"

DEPARTAMENTO DE INGLÉS.

- DATOS DO DEPARTAMENTO
- XEFATURA DO DEPARTAMENTO
- REUNIÓNS DO DEPARTAMENTO
- MATERIAS IMPARTIDAS POLO DEPARTAMENTO

1.- CONTRIBUCIÓN DA MATERIA INGLÉS.

2.- OBXECTIVOS.

OBXECTIVOS XERAIS DA MATERIA DE LINGUAS EXTRANXEIRAS.

3.- CONTIDOS.

3.a.Temporalización. Ensinanza Presencial. Ensinanza Semipresencial. Ensinanza Online.

3.b.Mínimos esixibles.

4.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

4.1. Ensinanza Presencial. Ensinanza Semipresencial. Ensinanza Online.

5.- METODOLOXÍA.

5.1. Ensinanza Presencial. Ensinanza Semipresencial. Ensinanza Online.

6.- PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN XERAIS.

6.a. Instrumentos de avaliación. Ensinanza Presencial. Ensinanza Semipresencial. Ensinanza Online.

6.b. Ponderación de calificación.

6.c. Ensinanza Presencial. Ensinanza Semipresencial. Ensinanza Online.

6.c. Publicidade.

7.- ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN, PROBAS EXTRAORDINARIAS , PROBAS XERAIS E PLAN DE REFORZO.

7.1. Recuperación durante o curso e Recuperación da materia pendente.

7.2. Probas extraordinarias.

7.2.1. Probas Telemáticas.(Anexo II) .

7.3. Probas Xerais.

7.4. Plan de Reforzo.

8.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

8.a. Materiais curriculares.

8.b.Recursos didácticos. Recursos Online.

9.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

10.- MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.

ANEXO I: PMAR III.

11.-CRITERIOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN.

12.- PLAN DE IGUALDADE.

ANEXO III. ACORDO DA CCP. ENSINANZA ONLINE.

DATOS DO DEPARTAMENTO DE INGLÉS .

DATOS DO DEPARTAMENTO		
a) Composición do departamento		
Nome e Apelidos	Corpo	Anos de servizo no centro
M ^a del Mar Álvarez Álvarez	Catedráticos	26
Julia Amado López	PES	3
M ^a Elena Arias Bruzos	Mestra	5
M ^a Consuelo Asorey Daviña	PES	16
Olga Díaz López	Catedráticos	26
Mercedes Expósito Valle	PES	30
Osvina Mercador Fontela	PES	29
b) Xefatura do Departamento		
M ^a del Mar Álvarez Álvarez	Catedráticos	26
c) Reunións de Departamento		
Día	Hora	
Luns	17.15-18.15	
d) Materias impartidas polo Departamento		
MATERIA	ETAPA	CURSO
INGLÉS	ESO	1º ,2º, 3º ,4º
TEATRO EN INGLÉS	ESO	1º .
INGLÉS (PMAR III)	ESO	3º
INGLÉS	BAC	1º,2º

1.-CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

A incorporación de competencias básicas ao Currículo permite poñer o acento naquelas aprendizaxes que se consideren imprescindíbeis. Son aquelas competencias que debe desenvolver un mozo ou unha moza ao finalizar o ensino obrigatorio para poder lograr a súa realización persoal, exercer a cidadanía activa, incorporarse á vida adulta de xeito satisfactorio e ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida. A inclusión das competencias básicas no Currículo ten varias finalidades:

- integrar as diferentes aprendizaxes
- relacionar a aprendizaxe con distintos tipos de contidos e utilízalos de xeito efectivo cando resulten necesarios.
- orientar o ensino para tomar decisións relativas ao proceso do ensino e da aprendizaxe.

Coas áreas e materias do Currículo alcánzanse os obxectivos educativos e adquirense as competencias básicas. Cada unha das áreas contribúe ao desenvolvemento de diferentes competencias e á súa vez cada unha das competencias básicas alcanzarase como consecuencia do traballo en varias áreas ou materias.

No marco da proposta realizada pola Unión Europea, e de acordo coas consideracións que se acaban de exponer, identificáronse oito competencias básicas:

1. Competencia en comunicación lingüística
2. Competencia matemática
3. Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico
4. Tratamento da información e competencia dixital
5. Competencia social e cidadá
6. Competencia cultural e artística
7. Competencia para aprender a aprender
8. Autonomía e iniciativa persoal

A aprendizaxe da área de lingua estranxeira contribúe ao desenvolvemento das competencias básicas:

- Contribúe ao desenvolvemento da *competencia en comunicación lingüística*, complementando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral.

A competencia en comunicación lingüística refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, das emocións e da conduta.

- Contribúe ao desenvolvemento da *competencia de aprender a aprender* ao contribuir á mellora da capacidade comunicativa xeral. Por iso a aprendizaxe dunha lingua estranxeira debe incluír a reflexión sobre a propia aprendizaxe, identificando as estratexias e recursos que os fan máis eficaces. Isto comporta a conciencia daquelas capacidades que entran en xogo na aprendizaxe como a atención, a concentración, a

memoria, a comprensión, a expresión lingüística e a motivación do logro entre outras.

- Contribúe ao desenvolvemento da *competencia en tratamento da información e competencia dixital* ao utilizar a lingua estranxeira como unha posibilidade de comunicación tecnolóxica, creando contextos reais e funcionais de comunicación. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e transfórmala en coñecemento.

- Contribúe ao desenvolvemento da *competencia social e cidadá*, xa que coñecer unha lingua estranxeira implica o coñecemento de trazos e feitos culturais vinculados ás diferentes comunidades destas. Este feito favorece a comprensión da realidade social en que se vive, o respecto, o recoñecemento e a aceptación de diferenzas culturais e de comportamento, promove a tolerancia e a integración e axuda a comprender e apreciar tanto os trazos de identidade como as diferenzas.

- Contribúe ao desenvolvemento da *competencia artística e cultural* se as producións lingüísticas que se utilizan conteñen un componente cultural.

2.-OBXECTIVOS

A Educación Secundaria Obrigatoria na área de Linguas Estranxeiras (inglés) ten como obxectivo desenvolver a competencia comunicativa dos alumnos, garantindo que estes asimilen as regras gramaticais da lingua inglesa e adquiren o vocabulario básico necesario para comunicarse. Ese principio xeral descomponse nos seguintes obxectivos específicos:

- **Transmítelles aos alumnos de Secundaria un vocabulario útil e necesario para comunicarse en inglés.** Para iso, en cada unidade preséntase, practícase e recíclase vocabulario relativo a un tema determinado.
- **Explicar expresións típicamente inglesas** a través de diálogos entre alumnos da mesma idade que os estudantes
- **Axudar os alumnos a comprender a gramática inglesa e utilizar a lingua de forma correcta**, sobre a base de explicacións claras e unha práctica progresiva que vai de conceptos sinxelos a outros máis complexos.
- **Trasladarlles aos alumnos aspectos da cultura británica e propiciar unha comparación coa súa propia cultura** a través de seccións específicas de cultura. **Permitelles aos alumnos centrarse na vida diaria e nos costumes dos adolescentes británicos**, vendo como se desenvolven en diversos contextos ilustrados.
- **Plasmar o mundo real máis aló da aula** coa axuda de textos e seccións informativas, dentro das unidades
- **Proporciñalles aos alumnos ferramentas para expresarse, tanto de forma oral como por escrito, acerca de temas que lles resultarán interesantes e motivadores.** Ofrécelles, non só a práctica necesaria, senón tamén axuda para preparar tanto textos orais como escritos.
- **Dalles aos alumnos a oportunidade de reciclar e repasar o vocabulario e as estruturas que van**

aprendendo nos apartados de repaso

■ **Permitelles aos alumnos avaliar o seu propio progreso** utilizando os diferentes exercicios de auto-avaliación de todas as unidades.

■ **Facer posíbel que os alumnos se convirtan en mellores estudantes de idiomas, e tamén máis independentes.** Animalos a utilizar as seccións de referencia (apartado de gramática, listas de vocabulario, etc.), así como componentes multimedia para practicar na casa.

■ **Contribuir a que os alumnos de Secundaria gocen das clases de inglés** grazas a un material en grao sumo motivador: cancións auténticas, exercicios que inclúe xogos, sopas de letras, encrucillados, etc., e un materiais multimedia no que atoparán diversos xogos.

Grazas ao equilibrio entre o nivel de esixencia e a axuda que se proporciona, todos os alumnos terán a oportunidade de desenvolver as súas capacidades ao máximo.

O ensino da Lingua estranxeira nesta etapa terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. escoitar e comprender información xeral e específica de textos orais en situacións comunicativas variadas, adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.
2. Expresarse e interactuar oralmente en situacións habituais de comunicación de forma comprensíbel, adecuada e con certo nivel de autonomía.
3. Ler e comprender textos diversos dun nivel adecuado ás capacidades e intereses do alumnado co fin de extraer información xeral e específica, e utilizar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal.
4. Escribir textos sinxelos con finalidades diversas sobre distintos temas utilizando recursos adecuados de cohesión e coherencia.
5. Utilizar con corrección os componentes fonéticos, léxicos, estruturais e funcionais básicos da lingua estranxeira en contextos reais de comunicación.
6. Desenvolver a autonomía na aprendizaxe, reflexionar sobre os propios procesos de aprendizaxe, e transferirille á lingua estranxeira coñecementos e estratexias de comunicación adquiridas noutras linguas.
7. Utilizar estratexias de aprendizaxe e todos os medios ao seu alcance, incluídas as tecnoloxías da información e da comunicación, para obter, seleccionar e presentar información oralmente e por escrito.
8. Apreciar a lingua estranxeira como instrumento de acceso á información e como ferramenta de aprendizaxe de contidos diversos.
9. Valorar a lingua estranxeira e as linguas en xeral, como medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias, linguas e culturas diversas evitando calquera tipo de discriminación e de estereotipos lingüísticos e culturais.
10. Manifestar unha actitude receptiva e de auto-confianza na capacidade de aprendizaxe e uso da lingua

estranxeira.

OBXECTIVOS XERAIS DA MATERIA DE LINGUAS ESTRANXEIRAS.

1.- Utilizar a lingua estranxeira de forma oral e escrita para comunicarse con fluidez e corrección en situacións reais diversas de xeito claro, persoal e creativo.

Na etapa de Bacharelato, espérase que a produción oral sexa fluída, polo que os alumnos que utilizan este método participan en situacións de comunicación que permiten, en moitos casos, unha práctica libre da lingua en estudo. A expresión escrita deberá responder a criterios de corrección, tendo en conta a variedade na tipoloxía de textos (descricións de lugares e persoas, cartas formáis e informáis, artigos de opinión, textos informativos, narracións breves, textos dialogados, biografías, ensaios breves, mensaxes de correo electrónico....).

2.- Comprender e intepretar criticamente os textos orais, escritos e visuais emitidos en situacións de comunicación habitual e polos medios de comunicación.

Os alumnos deben interpretar a información oral, escrita , e visual para realizar tarefas concretas (predicir o contido de textos orais e escritos, identificar frases verdadeiras e falsas, buscar sinónimos, completar textos, frases e táboas con elementos dados, responder a preguntas de comprensión xeral e específica utilizando as súas propias palabras e razoando a súa opción). A información non verbal constitúe un elemento esencial para definir o contexto e o formato dos textos.

3.- Ler de xeito autónomo textos de temática xeral ou adecuados aos seus intereses, comprender os seus elementos esenciais e captar a súa función e organización discursiva.

Existe una gran variedade de textos polo que respectra tanto á súa forma coma ao se contido: artigos de opinión, descricións, narracións, diálogos, etc.

4.- Utilizar estratexias de comprensión que permitan inferir significados de léxico descoñecido a través do contexto, o seu propio coñecemento do mundo e aspectos lingüísticos tales como formación de palabras, prefixos e sufixos, sinónimos e antónimos, etc.As tarefas do curso animan os alumnos a observar datos, analízalos, elaborar conclusións e aplícalas a novas situacións de comunicación. Aqueles contidos que se traballaran fragmentariamente na etapa anterior trátanse agora de forma integrada a fin de establecer comparacións e relación entre eles.

5.- Reflexionar sobre o funcionamento de lingua estranxeira na comunicación, co fin de mellorar as producións propias e comprender as alleas, en situacións cada vez máis variadas e imprevistas. Os textos a estudar conteñen supostos sociculturales que os alumnos teñen que interpretar, xa que cada lingua transmite unha cultura e remítenos a formas de organización e relación social diferentes ás nosas Isto faise patente en textos con fins académicos, específicos e literarios, así coma os que se proxectan cara á comunicación internacional.

6.- Reflexionar sobre os propios procesos de aprendizaxe utilizando recursos autónomos baseados na observación, na corrección e na avaliación, co fin de continuar co estudo da lingua estranxeira no futuro.

Na etapa de Bacharelato considérase importante favorecer estratexias e estilos de aprendizaxe propias, xa que a través deles os alumnos van configurando os seus intereses e necesidades de futuro. Neste sentido, o desenvolvemento da autonomía e de mecanismos para "aprender a aprender" achegará avances e logros útiles aplicados ás linguas e outros campos do coñecemento que resulten de interese.

7.- Coñecer os aspectos fundamentais do medio sociocultural propio da lingua estudada para conseguir unha mellor comunicación e unha mellor comprensión e interpretación de culturas distintas á propia.

No Bacharelato foméntase nos alumnos unha toma de conciencia de que as convencións e normas culturais teñen un valor relativos. Esta experiencia vese enriquecida grazas á exposición a textos de gran carga sociocultural. Coñecer linguas estranxeiras constitúe unha forma de mellorar as relacións entre os pobos, así coma de compartir experiencias con outras persoas.

8.- Valorar a lingua estranxeira como medio para acceder a outros coñecementos e outras culturas, e recoñecer a importancia que ten para unha mellor comprensión da lingua e cultura propias, e como medio de comunicación e entendemento internacional nun mundo multicultural.

Como obxectivo esencial de esta etapa de Bacharelato, isto implica que se traballa de forma implícita en todo o material do curso, pero que tamén se resalta en mencións e referencias explícitas a propósito de exercicios que favorecen intercambios comunicativos de grupo ou por parellas. Ademáis, os alumnos ven o lado práctico da lingua inglesa en todo tipo de textos.

9.- Valorar críticamente outros modos de organizar a experiencia e estruturar as relacións personais comprendendo o valor relativo das convencións e as normas culturais.

Permítese establecer unha comparación sociocultural en relación con todo tipo de cuestións que afectan aos mozos. A finalidade última é identificar os parecidos e as diferenzas que existen en cada caso entre a experiencia dos alumnos e a dos mozos protagonistas dos textos tratados na aula. Potenciase, en definitiva, unha crítica constructiva arredor dos temas que formula o material escrito e gravado do curso.

3.-CONTIDOS.

3a) Temporalización.

Como norma xeral este Departamento ten acordado que a temporalización, tendo en conta que pode ser moi variable dependendo dos grupos, do propio calendario escolar e da situación sanitaria que nos corresponda neste curso escolar. Debería de ser en tres unidades por trimestre ou avaliación, xa que seguimos como norma xeral o libro do texto ou libros dixitais cargados en aulas virtuais.

Ha de terse en conta que as profesoras suministran materiais adicionais en cada unha das unidades e todo isto depende tamén da marcha do propio grupo de alumnos. Cada profesora ten a súa programación semanal que vai adaptando a medida que conclúe a aprendizaxe do grupo.

Cítanse de seguido por cursos:

1º ESO: 3 unidades na primeira avaliación, xunto coa unidade adicada a repaso xeral, 3 na segunda e o resto na terceira avaliación.

2º ESO: 3 unidades na primeira avaliación, xunto coa unidade adicada a repaso do ano anterior, 3 na segunda e o resto na terceira avaliación, incrementándose os contidos paulatinamente.

3º e 4º ESO: 3 unidades en cada unha das avaliacións.

1º e 2º de BAC: 3 unidades na primeira e segunda avaliación, e 3 na terceira avaliación

Nas ensinanzas de Adultos, séguese coa mesma división en unidades e avaliaciónes que en BAC.

3b) Mínimos esixibles:

3.b.a) O Departamento de Inglés á vista dos Decretos e Ordes correspondentes acordou en coordinación de todos os membros os bloques e puntos mínimos para a promoción do alumno da ESO de acordo co nivel no que se atope:

- **CONTIDOS MÍNIMOS ESO 1º**

GRAMMAR

- Be, have
- Present simple
- Present continuous
- Adverbs of frequency
- Subject and object pronouns
- Possessive adjectives
- There is/are... some any
- A, an , the
- Irregular plurals
- Can, must
- Be going to
- Like+ing/noun
- Verb to be in the past
- Regular/irregular verbs- past simple
- Comparison of adjectives

VOCABULARY

- Review: house, family, countries and nationalities, numbers, alphabet
- Daily routines and free time activities
- School
- Sport
- Opinions- adjectives and expressions
- Halloween

- Christmas
- Food: Adjectives to describe food, verbs for recipes
- Types of films
- Life Events
- Places In Town
- Adjectives to describe people
- Clothes

- **CONTIDOS MÍNIMOS ESO 2º**

GRAMMAR

- Present sp vs p. cont
- Past sp
- Past cont
- Used to...
- Will/won't
- 1st conditional
- Be going to/will
- Present perfect
- Comparison review
- Comparative and superlative adjectives
- Adverbs of manner, Comparison of adverbs
- Modals: can /could/should/must/have to
- Pronouns review: subject, object, reflexive.
- Possesive adjectives and pronouns.

VOCABULARY

- Free time activities
- Adjectives about feelings
- Events (verbs)
- Ecology, environment, materials
- Halloween
- Christmas
- Life events and stages
- Money and shopping
- Adverbs of degree
- Holidays
- Jobs

- Abilities
- Illness Aches and pains
- Wild nature verbs

A.- Comunicación Oral.

O alumno debe:

- COMPRENDER INFORMACIÓN GLOBAL E ESPECÍFICA.
- IDENTIFICAR A IDEA PRINCIPAL E OS DATOS RELEVANTES DOS TEMAS TRABALLADOS
- PRODUCIR CON FLUIDEZ E INTELIXIBILIDADE MENSAXES ORÁIS CON INTENCIONS COMUNICATIVAS DIVERSAS EN SITUACIONES DA VIDA COTIA E ACADÉMICA.
- USAR SISTEMÁTICAMENTE ESTRATEXIAS LINGÜÍSTICAS PARA RESOLVER DIFICULTADES NA INTERACCIÓN.
- AMOSAR UNHA ACTITUDE DE RESPETO E INTERESE NA INTERACCIÓN.
- RECOÑECER A IMPORTANCIA DE PODER COMUNICARSE EN INGLÉS CON PERSOAS DE OUTROS PAÍSES.

B.- Comunicación escrita.

- SER CAPAZ DE EXTRAER INFORMACIÓN GLOBAL.
- EXTRAER OS DATOS MAIS RELEVANTES DE TEXTOS ADAPTADOS.
- IDENTIFICAR A IDEA PRINCIPAL
- LER DE XEITO AUTÓNOMO.
- UTILIZAR CORRECTAMENTE O DICCIONARIO.
- PRODUCIR TEXTOS CON UNHA ADECUADA ESTRUCTURA LÓXICA.
- USAR OS FORMATOS MÁIS ADECUADOS COA COHERENCIA E EXACTITUDE SUFICIENTE.
- APLICAR TÉCNICAS E ESTRATEXIAS DE AUTOCORRECCIÓN.

C- Reflexión sistemática sobre a lingua e a súa aprendizaxe.

- SELECCIONAR LÉXICO, ESTRUCTURAS, MARCADORES DO DISCURSO E ELEMENTOS DE COORDINACIÓN E SUBORDINACIÓN PARA MELLORAR AS PRODUCCÍONS ORÁIS E ESCRITAS E PARA AUTOCORREXIRSE.
- UTILIZAR CON EFICACIA DICCIONARIOS E GRAMÁTICAS PARA RESOLVER PROBLEMAS, ATINGIR MAIOR PRÁCTICA INDIVIDUAL E AFONDAR EN TEMAS DOS SEUS INTERESES.
- PLANIFICAR, DESARROLLAR E EVALUAR O PROPIO TRABALLO INDIVIDUAL E DE GRUPO.

D.-Aspectos socioculturais.

- IDENTIFICAR E INTERPRETAR AS SIMILITUDES E DIFERENCIAS NOS RASGOS SOCIOCULTURALS PROPIOS E ALLEOS.
- MOSTRAR UNHA ACTITUDE RECEPTIVA E CRÍTICA HACIA A CULTURA DO PAÍS EXTRANXEIRO.
- XUSTIFICAR O REELABORAR O PROPIO SISTEMA DE VALORES Á LUZ DOS NOVOS DATOS.

CONTIDOS MÍNIMOS ESO 3º

GRAMMAR

1. REVISION OF THE ENGLISH TENSES:

Typical TIME REFERNCES AND USE

– PRESENT (SIMPLE, CONTINUOUS, PERFECT)

- for and since
- still, yet, already, ever, never, just

– PAST (SIMPLE, CONTINUOUS, PERFECT)

- (when, while)

– FUTURE (SIMPLE – FOR PROMISES, GOING TO)

2. REVISION OF THE COMPARATIVE AND SUPERLATIVE

3. MODAL VERBS.

4. MODALS OF OBLIGATION, NECESSITY AND PROHIBITION: HAVE TO, HAD TO, MUST, MUSTN'T.

5. MODALS OF ABILITY, PERMISSION AND ADVICE: CAN, COULD, WILL BE ABLE TO, SHOULD, OUGHT TO.

6. QUANTIFIERS: TOO, TOO MUCH, TOO MANY, (NOT) ENOUGH.

7. SUBJECT AND OBJECT QUESTIONS

8. VERBS+ TO INFINITIVE / -ING

9. RELATIVE PRONOUNS: WHO, WHICH, WHERE, WHOSE

10. PASSIVE. PRESENT SIMPLE AND PAST SIMPLE PASSIVE

11. FIRST AND SECOND CONDITIONAL

VOCABULARY

The vocabulary that is basic for every lesson or unit :

1. Adjectives of emotions
2. Verbs of experiences
3. Holidays
4. Food
5. Adjectives to describe behaviour and personal qualities.
6. Adjectives of opinion
7. Vocabulary related to books and films.
8. Vocabulary related to money and shopping.
9. Free time activities.

10. Adjectives to describe feelings.
11. Verbs related to technology.
12. Vocabulary related to crime: crimes, criminals and crime fighters.
13. Vocabulary related to the environment
14. Adjectives to describe technology.
15. Vocabulary related to health and fitness.
16. Jobs around the home
17. Adjectives to describe personality.
18. Talking about relationships.
19. Charity actions.
20. Fashion.

READING COMPREHENSION

- Several exercises about different texts.
- Graded readers.
-

WRITING

- | | |
|------------------------|---------------------|
| 1. A school profile | 6. A report |
| 2. A narrative | 7. A blog entry |
| 3. A discussion essay | 8. Writing a survey |
| 4. An informal email | 9. A formal letter |
| 5. A newspaper article | |

CONTIDOS MÍNIMOS DE 4º ESO

GRAMMAR

1. REVISION OF THE ENGLISH TENSES:

Typical TIME REFERNCES AND USE

- **Present (simple, continuous, perfect)**
 - **Past (simple, continuous, perfect)**
 - **(when, while)**
 - **Past habit: used to/past simple (frequency adverbs)**
 - **Future (simple – for promises, going to)**
 - **expressing INTENTION AND PREDICTION**
2. **BASIC LINKERS.**

3. QUANTIFIERS: USE AND POSITION

- too, too much, too many, (not) enough.
- few / (a) little, lots of, plenty of

4. PASSIVE. PRESENT, PAST AND FUTURE

Use and omission of BY

5. REFLEXIVE PRONOUNS, EACH OTHER/ONE ANOTHER

6. REVISION: FIRST AND SECOND CONDITIONAL.

7. THE THIRD CONDITIONAL.

- Use of UNLESS / IF I WERE ...

8. TYPES OF QUESTIONS

- Yes/no questions
- Object/subject questions
- Question tags

9. VERBS+ TO INFINITIVE / -ING

10. REVIEW OF MODAL VERBS

- Deduction and possibility: must/can't, might, may and could
- Obligation, necessity and prohibition: have to, had to, must, mustn't.
- Ability, permission and advice: can, could, will be able to, should, ought to.

11. RELATIVE PRONOUNS.

12. REPORTED SPEECH

- Reporting pronouns, time and place (basic changes).
- Statements
- Questions
- Suggestions
- Requests/commands/offers

13. REVISION OF THE COMPARATIVE AND SUPERLATIVE

VOCABULARY

The vocabulary that is basic for every lesson or unit

TOPICS:

1. False friends
2. Adjectives to describe personality
3. Technology, sport and money
4. Natural environment

5. Advertising and shopping
6. Technology adjectives
7. Aches and pains
8. Digital technology
9. Manners and society

10. Reporting verbs
11. Entertainment nouns
12. Education and careers
13. The weather

SOME RULES ABOUT:

- 1) Collocations
- 2) Get and make
- 3) Compound adjectives
- 4) Function verbs
- 5) Noun formation
- 6) Phrasal verbs
- 7) Adjective suffixes
- 8) Prepositional phrases
- 9) Idiomatic expressions
- 10) Abstract nouns
- 11) Collective nouns

Adjectives

READING COMPREHENSION

- Several exercises about different texts.
- Graded readers.

WRITING

3.b.b)BACHARELATO.

Criterios de Promoción e Mínimos esixibles.

1º de B.A.C.

O Departamento de Inglés ten acordado en reunión de coordinación establecer os obxectivos mínimos esixibles para que os alumnos de 1º de B.A.C. promocionen ó curso seguinte:

CONCEPTOS:

Gramática: Tempos verbais: Present Simple and Present Continuous. Simple Past and Past Continuous. Present Perfect and Past Perfect.Future and Conditional.Passive Voice.

Relative Pronouns.

Conditional Sentences (First, Second and Third)

Subordinate clauses .Time Clauses.

Reported Speech .

Modal verbs.

Infinitive and Gerund

Vocabulario: Vocabulario básico relacionado coas unidades del libro de texto.

Writing: Uso dos conectores básicos.

Reading: Aprendizaxe das técnicas de scanning e de skimming.

Listening: Extraer información específica dun texto oral.

Competencias Básicas.

-Ser capaces de se expresar oralmente respostando ás preguntas formuladas polo profesor sobor dos temas na clase.

-Ser capaces de se expresar por escrito sobre temas básicos dados en clase, resumir, describir e expresar opinións personais.

-Ser capaces de extraer información de medios escritos e orais

-Valorar a lingua estranxeira como vehículo de comunicación.

-Amosar respecto polas opinións dos demais compañeiros.

-Mostrar interese e esforzo por aprender a lingua estranxeira.

MÍNIMOS EXIXIBLES PARA A PROMOCIÓN DE 2º B.A.C.

O Departamento de Inglés tomou o acordo de establecer os seguintes obxectivos mínimos

CONCEPTOS:

GRAMÁTICA.Tempos verbais: diferenza entre os tempos e o uso a nivel escrito e oral.

Verbos Modais

As tres formas de Oracións Subordinadas Condicionais.

As oracións de Relativo.

As oracións de Estilo Indirecto. All Subordinate Clauses.

Verbs in touch

VOCABULARIO: O vocabulario relacionado cas unidades do libro de texto.

WRITING: expresión escrita en ensaios de opinión, decrición e cartas formáis e informáis, resumos.

READING: incrementar as estratexias de scanning e skimming.

LISTENING:extraer información específica e seren capaces de se expresar básicamente.

En canto ós Procedementos e Actitudes, observaránse os mesmos que os do curso anterior

SPEAKING:(Pronunciation- Phonetics)

4.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A avaliación do alumnado considérase fundamental no proceso ensino- aprendizaxe, no proceso educativo e en toda área de coñecemento. É importante ter en conta estas macro preguntas cando avaliamos:

QUE, CANDO, COMO seguindo os parámetros reflectidos na programación de cada un dos cursos. Seguiranse os criterios que marca a LOMCE e o Marco Común de Referencia .

Para favorecer a motivación dos alumnos anímase na clase a autoavaliación por parte dos alumnos, este é un proceso que compre motivar ó alumnado dende o principio do curso escolar. Esta autoavaliación lévase a cabo a través do test de avaliación inicial, con os tests de diagnóstico que o Departamento vai facer ó remate de cada unidade.

Na negociación da aula, a profesora pode introducir a idea de coavaliar o traballo dos compañeiros por mor de comentarios do traballo escrito en algúns dos proxectos a elaborar en grupo ou individuais, de discusión de aspectos relativos a apartados do traballo, o de simple votación dos mellores traballos presentados ou elaborados.

O feito de que os alumnos fanse dende o principio á autoavaliación failles máis responsables da súa propia aprendizaxe e da anterior, para construír sobre estas bases una aprendizaxe máis sólida.

A avaliación formativa ou continua e sistemática do proceso realízase en cada unidade valorando

os datos obtidos nos diversos momentos da aprendizaxe.

Os alumnos nestas etapas terán que entender a avaliación como un medio de valorar o seu traballo nas destrezas e no dominio lingüístico nos diferentes niveis.

E un principio aceptado que o alumno implícase directamente se ten a oportunidade de participar directamente na avaliación da súa actividade e se exercita a reflexión e o senso crítico do que fai na aula.

Este método tamén serve de contraste para o propio profesor ó tempo de realizar a avaliación da actividade docente. De este xeito o proceso enriquecese e os alumnos séntense como suxeitos e obxectos, ó mesmo tempo, do proceso.

A avaliación final debe estar baseada nos criterios de capacidades. A avaliación sumativa final pode tamén ser considerada ó final de cada unidade e logo de forma acumulativa ó final do curso. Neste proceso sumativo consideraranse:

- o progreso na aprendizaxe resultante dos datos que temos de cada alumno.
- centrar a avaliación en aspectos de forma e cotido así como en aspectos relativos ó tratamento de temas xerais e dos temas travesáís que existen en cada unidade dos diferentes ciclos.
- valorar tanto a calidade e cantidade de produccions, como o esforzo e a creatividade do alumno, sen limitarse tanto ós aspectos de corrección gramatical.

Cítanse de seguido os criterios específicos de avaliación concretos segundo os citados decretos e orde para estas ensinanzas.

4.a) Avaliación da actividade docente.

No Departamento de Inglés consideramos este punto tan importante como o anterior, é dicir, comprobar se o traballo das profesoras é realmente eficaz. Para iso debemos citar os seguintes medios para chegar á unha avaliación axeitada:

- "Feedback" a través do alumno, como xa se mencionou no apartado anterior. Este é un xeito de recoller a información explícita e periódica dos alumnos ao longo do curso.

- "Diario de clase". O diario da profesora é un instrumento moi valioso para rexistrar as actividades que vanse realizando, como foron os resultados e como vai funcionando o material da aula, o nivel de interés dos alumnos e os cambios ou axustes que serán introducidos para a mellora da aprendizaxe do alumnado.

- "Coordinación do Departamento". Nestas xuntanzas periódicas, as profesoras comentan a marcha do curso e como van os contidos así como o éxito ou fracaso das actividades ou proxectos

programados ou acordados para os diferentes cursos da E.S.O. do Bacharelato e das Ensinanzas a adultos.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN XERAIS.

Primeiro curso da ESO

1. Comprender a idea xeral e as informacións específicas máis relevantes de textos oráis emitidos cara a cara ou por medios audiovisuais sobre asuntos cotiáns, se se fala amodo e con claridade.

A través deste criterio apreciarase a capacidade de alumnos e alumnas para comprender o esencial de diálogos emitidos cara a cara ou por medios audiovisuais, aínda que non se comprenda a súa totalidade. Trátase de avaliar esencialmente se se identifica o significado de instrucións, comentarios, preguntas e respostas, diálogos curtos, descricións e narracións breves.

2. Comunicarse oralmente participando en conversas e en simulacións sobre temas coñecidos ou traballados previamente, utilizando as estratexias adecuadas para facilitar a continuidade da comunicación e producindo un discurso comprensíbel e adecuado á intención de comunicación.

Este criterio avalía a capacidade de comunicarse oralmente participando en conversas, reais ou simuladas, sobre temas coñecidos. Estas consistirán esencialmente en suscitar e contestar preguntas, intercambiar ideas e información, relatar experiencias sobre temas familiares en situacións predicíbeis, utilizando os recursos lingüísticos e as estratexias que aseguren a comunicación. As producións poderán ter algunhas incorreccións léxicas, morfosintácticas ou fonéticas que non dificulten a comunicación.

3. Recoñecer a idea xeral e extraer información específica de textos escritos adecuados á idade, con apoio de elementos textuais e non textuais, sobre temas variados e outros relacionados con algunhas materias do currículo.

A través deste criterio apreciarase a capacidade para comprender textos diversos: instrucións, correspondencia, descricións e narracións breves, mensaxes, cuestionarios, etc. Aplicando estratexias básicas de lectura como a inferencia de significados polo contexto ou por elementos visuais, ou a comparación coas linguas que coñece.

Con este criterio tamén se avalía a capacidade de ler textos, en soporte papel ou dixital, de certa extensión, para aprender ou para gozar da lectura, recorrendo ao dicionario cando sexa preciso.

4. Redactar textos breves en diferentes soportes utilizando as estruturas, as funcións e o léxico adecuados, así como algúns elementos básicos de cohesión, a partir de modelos, e respectando

as regras elementáis de ortografía e de puntuación.

Este criterio avalía a capacidade para redactar, aínda que de forma elemental, notas, descrições, correspondencia postal ou electrónica, ou mensaxes. Os textos conterán as palabras de uso habitual, oracións simples e conectares básicos. Valorarase tamén a presentación clara, limpa e ordenada, en soporte papel ou dixital.

5. Utilizar o coñecemento dalgúns aspectos formáis do código da lingua estranxeira (morfoloxía, sintaxe e fonoloxía), en diferentes contextos de comunicación, como instrumento de autoaprendizaxe e de autocorrección das producións propias, e para comprender mellor as alleas.

A través deste criterio apreciarase a capacidade de alumnos e alumnas para aplicar os seus coñecementos sobre o sistema lingüístico, ao usar os aspectos sonoros, de ritmo, entoación e organización da lingua en actividades diversas, e para reflexionar sobre a necesidade da corrección formal que fai posíbel a comprensión tanto das súas propias producións coma das alleas.

6. Identificar, utilizare poner exemplos dalgunhas estratexias utilizadas para progresar na aprendizaxe.

Este criterio pretende avaliar se se utilizan as estratexias básicas que favorecen o proceso de aprendizaxe como: a capacidade de ir valorando os progresos, a reflexión sobre como aprende un mesmo máis e mellor, a incorporación e aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe; a utilización de formas diversas para almacenar, memorizar e revisar o léxico; o uso correcto do dicionario para identificar a acepción adecuada ao contexto; o uso de recursos bibliográficos, informáticos e dixitais para solicitar información, ampliar ou revisar aspectos traballados na aula, etc.

7. Usar de forma guiada as tecnoloxías da información e da comunicación para buscar información, producir mensaxes a partir de modelos e para establecer relacións persoais, mostrando interese polo seu uso.

Trátase de valorar con este criterio a capacidade de utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación como ferramenta de comunicación e de aprendizaxe, en actividades habituais de aula e para establecer relacións persoais. As comunicacións que se establezan versarán sobre temas familiares previamente traballados e realizaranse a partir de modelos. Tamén se terá en conta a actitude cara á lingua estranxeira, os intentos por utilízala e se se valora a diversidade lingüística como elemento enriquecedor.

8. Identificar algúns elementos culturais ou xeográficos propios dos países e culturas onde se

fala a lingua estranxeira e mostrar interese por coñecelos.

Este criterio pretende comprobar que se coñecen algúns trazos importantes do contexto sociocultural e xeográfico dos países onde se fala a lingua estranxeira e mostrase interese e aprecio por hábitos culturais distintos aos propios e actitudes de respecto cara aos valores e comportamentos doutros pobos.

Segundo curso da ESO

Comprender a idea xeral e informacións específicas de textos oráis emitidos por un interlocutor, ou procedentes de distintos medios de comunicación, sobre temas coñecidos.

Este criterio quere valorar a capacidade para comprender a idea xeral e detalles específicos de exposicións breves e conversas sobre temas familiares. Así mesmo preténdese medir a capacidade para comprender a idea xeral de textos oráis procedentes dos medios de comunicación con pronuncia estándar.

Participar con progresiva autonomía en conversas e simulacións relativas ás experiencias persoais, plans e proxectos, empregando estruturas sinxelas, as expresións máis usuais de relación social, e unha pronuncia adecuada para lograr a comunicación.

Con este criterio se avalía a capacidade para desenvolverse en situacións interactivas que suponen a integración da comprensión e da expresión. As conversas daranse en situacións de dous tipos: as habituais da clase (pedir información e aclaración, pedir permiso, traballar en grupo, etc.) e as creadas polo docente (xogos, simulacións, xogos de rol, comunicación a través das tecnoloxías da información e da comunicación, etc.) As mensaxes poden ser aínda titubeantes e conter erros morfosintácticos e léxico reducido, sempre que a mensaxe sexa comprensíbel.

Comprender a información xeral e a específica de diferentes textos escritos, adaptados e auténticos, de extensión variada, e adecuados á idade, demostrando a comprensión a través dunha actividade específica.

A través deste criterio se avalía a capacidade para comprender textos escritos de carácter interpersonal como correspondencia, anuncios, folletos diversos, narracións, artigos de revistas xuvenís, páxinas Web, letras de cancións, etc., aplicando estratexias de lectura como a inferencia de significados polo contexto, ou os coñecementos transferidos das linguas que coñece ou vinculados a outras materias do currículo.

Tamén se avalía a capacidade para ler textos, en soporte papel ou dixital, dunha certa extensión, recorrendo ao dicionario de forma espontánea cando resulte difícil a comprensión global do

argumento por descoñecemento dalgunha palabra clave, e demostrando a súa comprensión a través de actividades lingüísticas e non lingüísticas.

Redactar de forma guiada textos diversos en diferentes soportes, utilizando estruturas, conectores sinxelos e léxico adecuados, coidando os aspectos formais e respectando as regras elementais de ortografía e de puntuación para que lle sexan comprensíbeis ao lector e presenten unha corrección aceptábel.

Por medio deste criterio se avalía a capacidade para expresar por escrito, en soporte papel ou dixital, de forma comprensíbel para o lector, descrições sobre acontecementos e actividades cotias e familiares, narracións sobre experiencias persoais, plans e proxectos, cartas, postais,

Utilizar os coñecementos adquiridos sobre o sistema lingüístico da lingua estranxeira, en diferentes contextos de comunicación, como instrumento de autoaprendizaxe e de autocorrección das producións propias orais e escritas e para comprender as producións alleas.

Este criterio avalía a capacidade para aplicar os seus coñecementos sobre o sistema lingüístico e reflexionar sobre a necesidade da corrección formal que fai posíbel a comprensión tanto das súas propias producións como das alleas.

Identificar, utilizar e explicar oralmente algunhas estratexias básicas utilizadas para progresar na aprendizaxe.

Este criterio pretende avahar se se utilizan as estratexias que favorecen o proceso de aprendizaxe: como a capacidade de valorar os seus progresos, a reflexión sobre a propia aprendizaxe, a utilización de formas diversas para almacenar, memorizar e revisar o léxico; o uso correcto do dicionario para identificar a acepción adecuada ao contexto; o uso de recursos bibliográficos, informáticos e dixitais co fin de solicitar información, ampliar ou revisar aspectos traballados na aula, a participación na avaliación da propia aprendizaxe, e o uso dalgúns mecanismos de autocorrección.

Usar de forma guiada as tecnoloxías da información e da comunicación para buscar información, producir textos a partir de modelos e para establecer relacións persoais mostrando interese polo seu uso.

Trátase de valorar con este criterio a capacidade de utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación como ferramenta de comunicación e de aprendizaxe, en actividades habituais da aula e para establecer relacións persoais. As comunicacións que se establezan versarán sobre temas familiares previamente traballados. Tamén se terá en conta se se valora a diversidade lingüística como elemento enriquecedor, a actitude cara á lingua estranxeira e os intentos por

utilízala.

Identificar e poñer exemplos dalgúns aspectos sociais, culturais, históricos, xeográficos ou literarios propios dos países onde se fala a lingua estranxeira e mostrar interese por coñecelos.

A través deste criterio apreciarase o coñecemento dos trazos máis importantes e característicos da sociedade, cultura, historia, xeografía e literatura dos países onde se fala a lingua estranxeira. Así mesmo, avaliarase se alumnos e alumnas mostran respecto cara aos valores e comportamentos doutros pobos, superando deste xeito algúns estereotipos.

Terceiro Curso da ESO

HABILIDADES COMUNICATIVAS

Extraer a información global e específica, a idea principal e os detalles máis relevantes en mensaxes oráis (emitidas en situacións de comunicación cara a cara ou por medios de comunicación mecánica) e en textos escritos auténticos, e ser capaces de realizar inferencias a partir do contexto.

Participar en conversas breves e utilizar as estratexias comunicativas máis adecuadas para comprender e facerse comprender e transmitir a outros a información que coñece.

Ler de forma extensiva con finalidades diversas e demostrar comprensión a través dunha tarefa. Redactar textos sinxelos e utilizar a gramática e o léxico adecuados, así coma os recursos de cohesión que os fagan comprensibles ao lector.

REFLEXIÓNS SOBRE A LINGUA

Mostrar habilidades para poner en práctica o coñecemento dos aspectos formais do código da lingua estranxeira (morfoloxía, sintaxe e fonoloxía), e valorar a súa importancia para ter éxito na comunicación.

Observar regularidades no sistema da lingua estranxeira, analízalas e chegar a conclusións que permitan formular regras.

Reformular de forma progresiva aquelas normas ou regras que se identifiquen como erróneas.

Identificar e usar as distintas formas lingüísticas asociadas á mesma función da linguaxe.

ASPECTOS SOCIOCULTURAI

Interpretar correctamente o uso de fórmulas, normas e comportamentos que se transmiten a

través dos textos e ter interese por ampliar o coñecemento de datos culturais.

Valorar a cultura propia a partir do coñecemento doutras culturas e do contraste entre elas.

Aproximar as mensaxes que se desexa transmitir ás características particulares do interlocutor, e respectar as diferenzas de pronuncia, acento ou grao de coñecemento da lingua estranxeira.

Apreciar o uso da lingua estranxeira como medio para establecer relacións con persoas de procedencias distintas, tomando iniciativa para comunicar e mostrando respecto cara á diversidade cultural e social.

Cuarto Curso da ESO

HABILIDADES COMUNICATIVAS

Extraer a información global e a específica, ideas principais e secundarias en mensaxes orais sobre temas familiares para o alumno ou relacionadas con aspectos cotiáns da cultura e da sociedade dos países onde se fala a lingua estranxeira e en textos escritos auténticos de distintos tipos (descritivos, narrativos, argumentativos, explicativos...), distinguindo entre feitos e opinións e identificando os principais argumentos expostos polo autor.

Participar en conversas e utilizar estratexias adecuadas para iniciar, manter e facer progresar a comunicación, producindo un discurso comprensible e adaptado ás características da situación e á intención de comunicación.

Ler de xeito autónomo distintos tipos de materiais adecuándoos a diferentes intencións: consulta, busca de información, lectura detallada, pracer, etc.

Producir textos escritos atendendo a diferentes intencións comunicativas, e respectar os elementos que aseguran a cohesión e coherencia do texto de xeito que este sexa facilmente comprensible para o lector.

REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA

Utilizar conscientemente os coñecementos adquiridos sobre o novo sistema lingüístico como instrumento de control e autocorrección das producións propias e como recurso para comprender mellor as alleas.

Reflexionar sobre regularidades e excepcións propias do sistema lingüístico da lingua estranxeira.

Mostrar un grao suficiente de conceptualización en relación con funcións da linguaxe, elementos lingüísticos, formatos e características de textos, cohesión e coherencia no discurso.

Incorporar conscientemente mecanismos de aprendizaxe xa utilizados (facer deducións, inducións, clasificar, categorizar, formar palabras...) en situacións novas de aprendizaxe.

ASPECTOS SOCIOCULTURAI

